



INICIO DE EXPEDIENTE. NECESIDADE DA CONTRATACION DUN ACORDO MARCO DOS SERVIZOS DE ELABORACION DAS CREATIVIDADES PARA AS CAMPAÑAS DE COMUNICACION E INSTITUCIONAIS DA XUNTA DE GALICIA

PROCEDEMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA E SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA. CONTRATACIÓN DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA

EXPEDIENTE: AM 3/2019

Primeiro. Competencia.

A estrutura e funcións da Secretaría Xeral de Medios establécense no Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

A Secretaría Xeral é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación e audiovisual.

A Disposición adicional segunda deste Decreto establece que *“quedan desconcentradas nas persoas titulares das secretarías xerais dependentes da Presidencia, (...) as competencias: (...) administrar os créditos de gastos dos orzamentos do seu centro directivo. Aprobar e comprometer gastos (...), recoñecer as obrigas económicas e propoñer o seu pagamento, as demais competencias atribuídas ás persoas titulares das consellerías en materia orzamentaria, agás o capítulo I (...), todas as facultades que a normativa vixente na materia atribúe aos órganos de contratación, así como a formalización de convenios (...), a aprobación das bases, a convocatoria e as resolucións en materia de axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia (...).”*

Segundo. Aspectos a incluír no expediente e emisión de informe xustificativo.

1. O artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26-2-2014 (en adiante LCSP) indica que o correspondente expediente *“iniciarase polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta Lei (...).”*

2. Así mesmo o artigo 28 da LCSP establece que *“(...) as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado (...) deben ser determinadas con precisión, deixando constancia na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado a adxudicación”.*

3. O artigo 33 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector publico autonómico establece que *“nos expedientes de contratación tramitados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e polas entidades do sector público autonómico incluírase un informe do órgano (...) propoñente do contrato no que se xustifique a necesidade do contrato (...).”*

Terceiro. Necesidade.

As necesidades administrativas que se pretenden satisfacer con este Acordo Marco son as seguintes:

- Promover a difusión e coñecemento dos valores e principios propios de Galicia.
- Difundir a lingua galega e o patrimonio histórico, natural, gastronómico de Galicia.
- Comunicar programas e actuacións públicas de relevancia e interese social.
- Fomento de actuacións socialmente responsables e promoción de todos os sectores económicos, culturais, sociais que integran a sociedade galega.

Cuarto. Expediente de contratación para o desistir do acordo marco dos servizos de elaboración das creatividadeas para as campañas de comunicación e institucionais da Xunta de Galicia (AM 1/2019).

O 12.04.2019 a secretaria xeral de Medios resolveu desistir do procedemento para a contratación dun acordo marco dos servizos de elaboración das creatividadeas para as campañas de comunicación e institucionais da Xunta de Galicia (AM 1/2019), e que se proceda a iniciación inmediata dun novo procedemento de contratación nos mesmos termos.

En consecuencia. iniciase este novo expediente de contratación, que modifica o anterior no prazo de execución do primeiro contrato baseado, que se estende dende o 30.06.2019 ata o 15.07.2019, manténdose o resto de actos preparatorios do procedemento de contratación AM 1/2019 nos mesmos termos; inclúe especificamente os pregos de cláusulas administrativas particulares, os pregos de prescricións técnicas, as memorias xustificativas e o informe de suficiencia de medios.





De acordo co anterior, xustifícase a necesidade desta contratación polo que

ACORDO

Iniciar o expediente de contratación nos termos expostos.

Santiago de Compostela, na data reflectida na marxe

A secretaria xeral de Medios

Mar Sánchez Sierra

